



MNEMEA
FLORES

ATA 10

El muro en
la mitad del libro
JUEGO DE
LETRAS

Más allá.
El arte de
explorar

ALCALDESA
VERMELLA

MI MIEDO Y YO

Árbores que
non arden

Oliver Button
é unha nena

El efecto Frankenstein

En el corazón del bosque

Trescatorcedezaseis

TODO ISTO ANTES ERA NOITE

Memoria do corpo

ALMÁCIGA: UN VIVERO DE PALABRAS
DE NUESTRO MEDIO RURAL

Una caja
ELMER E O
OSIÑO PERDIDO

SE CHE
PICA UN
MOSQUITO

Hacemos las paces

El último lobo

Corazón
de pájaro

O pintor cego

Thornhill: orfanato
para chicas

REWIND

Los chicos de la Nickel

ARMARIO SOSTENIBLE: APRENDE A
COMPRAR DE MANERA CONSCIENTE
E INTELIGENTE.

O famoso catálogo de Walker & Dawn
Somos la última generación que puede salvar el planeta

HISTORIAS DE REGALO

NADAL 2020



BIBLIOTECAS
municipais

Historias de regalo

2020 | BIBLIOTECAS municipais

A guía de lectura que tes nas túas mans contén as recomendacións das bibiotecarias e bibliotecarios das Bibliotecas Municipais da Coruña.

Esta selección non pretende ser exhaustiva; tan só recolle aquilo que nos gustou especialmente entre o publicado nos dous últimos anos.

Este ano máis que nunca, as bibliotecas queremos estar ao teu carón para axudarche a atopar pequenos tesouros para agasallar nestas festas. Sabemos que regalar lecturas, música e cine non sempre é doado, implica pensar moito en quen o recibe, por iso, os títulos propostos van acompañados dunha reseña do seu contido e estarán expostos en todas as

bibliotecas onde poderás mirar, escoitar, tocar e ulir todas estas propostas.

Convidámoste a que nos visites, que vaías á biblioteca do teu barrio e te perdas na exposición “Historias de regalo” e atopes ese libro, disco ou película para sorprenderte neste Nadal. Estas historias están pensadas para ti porque te coñecemos, porque somos a túa historia, porque de non ser por ti non existiríamos. Este Nadal volve á Biblioteca. Este ano as Bibliotecas son máis seguras que nunca. Temos todo preparado para recibirte

Lembra este Nadal parada obrigada...
AS BIBLIOTECAS


De 0 a 2 años



JUEGO DE LETRAS

ANTONIO RUBIO & ÓSCAR VILLÁN,
KALANDRAKA, 2019

Desde o A até o Z, un xogo poético e melódico para descubrir, no interior de cada páxina cuñada, que sorpresa nos agarda.



HACEMOS LAS PACES

GLORIA FORT, CARAMBUCO, 2019

O conto da resolución de conflitos para as e os máis pequenos.

Unha miniguía para nos explicar os conflitos máis típicos desta idade no xogo: o sentimento de posesión. A través de Paula, Hugo e dunha pelota, atoparemos a solución.



LOS PLANETAS

MARGARITA DEL MAZO CECILIA MORENO,
JAGUAR, 2019


Con este libro, descubriremos as palabras, as formas, as cores... e poderemos construír o noso sistema solar, descubriremos o nome de cada un, ademais dalgunhas curiosidades sobre os planetas e o espazo.



FLORES

HERVÉ TULLET, KÓKINOS, 2020

Mira como se combinan as cores! Un libro para explorar en todos os sentidos, coas mans e cos ollos!




PUPAS Y TIRITAS

JÖRG MÜHLE, HARPERKIDS, 2020

Coelliño caeu. E mancouse moito. Que podes facer para consolalo? Un libro perfecto para comezar a traballar os rituais coas nenas e cos nenos dunha maneira interactiva.

De 3 a 5 años



ELMER E O OSIÑO PERDIDO

DAVID MCKEE, KALANDRAKA, 2019


Elmer volve protagonizar unha historia chea de tenrura, empatía, xenerosidade e axuda colectiva. Nesta ocasión, o simpático elefante multicolor comparte o seu osiño de trapo cun bebé desgustado porque perdeu o seu boneco. Daquela, porase en marcha unha cadea de solidariedade entre todos e todas as habitantes da selva, na procura dun tesouro tan prezado.



SE CHE PICA UN MOSQUITO

JORDI GASTO, KALANDRAKA 2020

Se che pica un mosquito é un divertimento que, a partir dun pequeno contratempo cotián, convida as/os prelectoras/es e as/os primeiras/os lectoras/es a probaren un remedio atípico para as molestias dunha picadura.



ATA 10

LAURA TIKIMOKI, GALAXIA, 2020


Contar semella fácil. Pero non o é... ou si, se te deixas guiar polo que conta este libro. Aprenderás non só a contar até 10; aprenderás a contar até o infinito!



EL MURO EN LA MITAD DEL LIBRO

JOHN AGEE, A CASITA ROJA, 2020

No centro deste libro, hai un muro. A un lado, un pequeno cabaleiro coa súa armadura; ao outro, un tigre feroz, un enorme rinoceronte e un ogro que paparía dun bocado o noso cabaleiriño. Pero el está tranquilo porque o muro protéxelo de todo perigo. Ou iso é o que el cre.



UNA CAJA

RODRIGO MATTIOLI, APILA, 2020

Por fin chegou o paquete que Alina estaba esperando con tanta ilusión. Pero en canto chegou, as cousas non foron como ela pensaba.... Habrá mellor xoguete que a nosa imaxinación?

De 6 a 8 anos



ALCALDESA VERMELLA EL HEMATOCRÍTICO, XERAI, 2020

Un misterioso personaxe chegou á fraga. Corre o rumor de que é o xenio da lámpada marabillosa, así que os habitantes do lugar deciden elaborar unha listaxe de peticións. Carapuchiña Vermella será a encargada de falar con el. Non pode nin imaxinar que estará nas súas mans, e nas dos outros personaxes dos contos, a posibilidade de converter o bosque nun lugar mellor.



RAMONA ORBITA PACO CERDEIRAS (PAKOLAS), GALAXIA, 2020


É a historia dunha muller moi boa que está na horta e preocupada polo medio, que emprende unha viaxe coa súa máquina do tempo para atopar a máquina de movemento perpetuo de Leonardo da Vinci, coa que xerar enerxías renovables. Moito rock and roll para aprender a protexer a natureza.



MÁS ALLÁ. EL ARTE DE EXPLORAR

LIÉBANA GOÑI, BULULÚ, 2020

Unha nena explora mundos fantásticos, imaxinarios e imaxinados que nos sorprenderán cando saibamos quen os creou. Un álbum ilustrado moi coidado que pretende achegarnos á creación artística a través dunha historia con referencias sutís e orixinais a obras mestras da historia da arte.



MI MIEDO Y YO

FRANCESCA SANA, IMPEDIMENTA, 2019

Cando unha nena ten que se trasladar a outro país e entrar nun novo colexio, o seu medo dille que o mellor é que quede soa nun recuncho, asustada. Como vai facer amigos se nin sequera entende o que din? Seguro que ninguén máis se sente así...



EL ÚLTIMO LOBO

SÉBASTIEN PÉREZ, EDELVIVES, 2020

Tras a Gran Guerra entre lobos e humanos famentos que decimou ambos os bandos, a presenza dun último lobo aterroriza a vila de Milo. Milo, o mozo cazador, sairá na súa procura, armado unicamente co seu arco e a férrea vontade de protexer os seus.

De 9 a 11 años



CORAZÓN DE PÁJARO

MAR BENEGAS, AKIARA, 2020

Nana naceu nunha illa, á beira da mar, e facía preguntas que ninguén sabía responder. Os seus ollos vían máis, e Nana tiña que escribilo, para que non se lle escapase como a areia entre os dedos. Un conto belísimo sobre o nacemento da poesía e do amor.



O PINTOR CEGO

XABIER P. DOCAMPO, KALANDRAKA, 2020

O retrato máis extraordinario, elaborado coa paleta dos soños e do amor verdadeiro... Unha historia de paixón, vinganza e retos imposíbeis é a obra póstuma de Xabier P. Docampo, con ilustracións de Xosé Cobas, repleta de referencias ás grandes obras da pintura universal.



RUMBO AO HORIZONTE

KIKE GÓMEZ, BULULÚ, 2020

Un relato de aventuras e viaxes. Onde descubrirás lugares fantásticos repletos de personaxes tan divertidos como estrefalarios. Un libro perfecto para os aventureiros e aventureiras que teñan ansias por viaxar e coñecer novos mundos. Veñal! Poñede rumbo cara o horizonte!



EL ZOO DE LAS HISTORIAS

GIANNI RODARI, A FIN DE CUENTAS, 2020

Dous amigos desafíanse a pasar a noite no zoo coa única compañía dos animais que viven alí. O que non imaxinan é que os animais pola noite teñen a capacidade de falar e van compartir historias que nunca esquecerán. Rodari constrúe historias onde a liberdade e a imaxinación son a única regra.




PLAN DE RESCATE

ANTÍA YÁÑEZ, XERAIS, 2020

Xeila, Heitor, Aldán e Noela están traballando na aula de apoio cando oen un estrondo e a profe Xoana, desaparece. Esta é unha aventura na que hai escopetas, sangue, xuramentos e até un plan de rescate, pero tamén un chisco de amizade, compañeirismo, traballo en equipo e mesmo algo de amor.

De 12 a 14 anos



THORNHILL: ORFANATO PARA CHICAS

PAM SMY, BLACKIE BOOKS, 2019

En Thornhill, un orfanato encantado, o terror pode non vir das pantasmas, senón das nenas que dormen ao teu carón. E a amizade das que len o teu diario moitos anos despois... Así se tece unha narración inquietante de soidade, medo e vinganza, de lectura áxil pola profusión de ilustracións.



SIN DIRECCIÓN FIJA

SUSIN NIELSEN, DESTINO, 2019


Nuns poucos meses, Félix pasa de vivir nunha casa estupenda a facelo nunha furgoneta que ademais non é súa. Súa nai fai malabares para intentar saír desa situación pero o que de verdade os salvará será volver crer no bo corazón das persoas. Para rir... e tamén para chorar un pouco.



LA CHICA PÁJARO

SANDY STARK-MCGINNIS, BLACKIE BOOKS, 2019

Esta é a historia dunha nena que quería voar e que está convencida de que as súas ás están a piques de romper as súas costas e levala moi lonxe. Pero o libro fala tamén da necesidade de amor e dun fogar; fala de segundas oportunidades na vida; de ornitología e amor pola natureza; da infancia trans...



O FAMOSO CATÁLOGO DE WALKER & DAWN

DAVIDE MOROSINOTTO, SUSHI BOOKS, 2020

"Partiramos catro. Te Trois o valeroso, que quería dominar a vida. Eddie o xamán, que quería descubrir os seus segredos. Tit, que era pequeno, pero grande cando facía falta. E Julie a invulnerable, que quería ser feliz"... Unha aventura con catro protagonistas que poderían ser os mellores amigos de Tom Sawyer.



CONTA NOVE ESTRELAS

ANDREA MACEIRAS, XERAIS, 2020

PREMIO LAZARILLO 2018 E LISTA DE HONRA 2019 DA OEPLI

Uns pequenos e peludos animais ameazan a Galaxia Oma. Os Vixilantes da Galaxia ordenan exterminar a toda a especie, xa que os bobós, malia o seu adorable aspecto, son seres salvaxes e perigosos. Tan só Quepi ousa desobedecer o mandato protexendo un bobó tan especial coma ela.

Mocidade



INBOX

CARE SANTOS, EDEBÉ, 2020

"Son Alexia, teño 16 anos, quero ser escritora e son a súa maior admiradora sobre o planeta Terra"... Con esta mensaxe de correo electrónico dirixido ao enigmático escritor Benedict Woodward, comeza a relación entre estes dous personaxes. E como di a mesma Alexia: non é unha historia como as demais, porque nada é o que parece. Unha bonita historia narrada a través de correos electrónicos.



EL EFECTO FRANKENSTEIN

ELIA BARCELÓ, EDEBÉ, 2019

PREMIO NACIONAL DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL 2020


Max esperta nunha casa en ruínas: o seu corpo está cruzado por enormes cicatrices que evidencian que foi atendido por un cirurxián mais el non lembra nada. Nora estuda Medicina e esa mesma noite de Entroido coñece a Max, cando ambos salvan unha nena de morrer afogada no Danubio. A atracción é inmediata. O problema é que pertencen a épocas distintas. Unha intriga en que conflúen os xéneros de novela policiaca e novela gótica.



EN EL CORAZÓN DEL BOSQUE

JEAN HEGLAND, ERRATA NATURAE

Nell e Eva son irmás, teñen 17 e 18 anos e viven na casa familiar situada no bosque. Alí educáronas seus pais, en plena natureza, sen ir ao colexio, desobedecendo todas as convencións, crendo por riba de todo nos libros e na música. Querían ofrecerlles unha existencia plena e libremente elixida, allea ás peores esixencias sociais, pero non contaban con que a sociedade no seu conxunto colapsase. Esta é unha historia sobre ese futuro que está cada vez máis presente.



O MAL QUERER

NATALIA CAROU, BAÍA, 2020

II PREMIO DE NOVELA VILAR PONTE

Cibrán Ulloa ten todo canto un rapaz de 16 anos puidese desexar: é fillo único dunha respectada familia da alta sociedade, incluso un veleiro propio ten. Malia todo, non quixeras estar no seu lugar. Cando Iria Fraga chega ao centro de menores para facer un informe pericial psicolóxico sobre o rapaz, despois de que este cometese un delito e descobre que nesta historia nada é o que parece. Unha historia dura que non te deixará indiferente.




TRECATORCEDEZASEIS

ROCÍO LEIRA, XERAIS, 2020

FINALISTA DO XI PREMIO JULES VERNE DE LITERATURA XUVENIL

"Xogamos?" Ese é o contido dun correo electrónico que un día recibe o profesor Benavides. O matemático acepta o lance e desde ese momento terá que desentrañar o misterio que se agocha tras os asasinatos que se están producindo no campus universitario. Coa axuda de Silvia, unha enigmática alumna da facultade de Matemáticas, Benavides deberá resolver os desafíos lóxicos que un intelixente asasino lle vai propor.


Cómic infantil



UXÍO

MARTÍN ROMERO, DEPUTACIÓN PROVINCIAL, 2020
PREMIO CASTELAO DE COMIC NA CATEGORÍA
INFANTIL E XUVENIL, 2019


As coloridas páxinas deste álbum conteñen as peripecias de Uxío, un rapaz roxo e traveso, posuidor dunha imaxinación desbordante. Preséntanse en relatos curtos dun par de páxinas, con humor, poesía e axilidade. Algunhas delas pediránlle ao lector que participe.



LENDAS DO RECREO: A MEDIAHORA DOS HÉROES

EL HEMATOCRÍTICO, XERAIS, 2020

Roberto é un neno de 5.º de primaria coa habilidade de dar uns balonazos increíbles, e por iso é polo que está castigado sen fútbol no recreo o resto da semana. Pensando nos descansos aburridísimos, foi convidado a formar parte dun grupo de nenos/as tan especiais coma el.



LAS VARAMILLAS

CAMILLE JOURDY, ASTRONAVE, 2020
PEMIO PEPITES 2019.
MELLOR CÓMIC XUVENIL DO
FESTIVAL DE ANGOULÊME 2020.

Farta das súas novas irmás e da súa nova nai, Jo decide perderse polo bosque misterioso e seguir a unhas estrañas criaturas que volven á súa casa. Internarase así nun mundo novo, cheo de personaxes fantásticos e entrañables cos que vivirá unha aventura que recordará sempre.



MELVINA

RACHELLE ARAGNO, LIANA, 2020

Unha viaxe a un mundo paralelo, cheo de personaxes extraordinarios, fará que Melvina descubra a importancia de tomar o seu propio tempo, de decidir escoitando o corazón, sen preša. Ademais, volverá a encontrarse con alguén que cría perdido para sempre e descubrirá cantas cousas podemos perder se temos preša en medrar.



SHHH: EL VERANO EN QUE TODO CAMBIA

MAGNHILD WINSNES, LIANA, 2020

Unha historia inesquecible sobre a transición da nenez á adolescencia, con humor e seriedade. E unha historia chea de segredos. Unha novela sutil, feita de cores, formas e palabras en perfecto equilibrio. A atmosfera inefable dunha idade delicada e complicadísima.

Cómic adulto



LA SAGA DE GRIMR

JEREMY MOUREAU, NORMA, 2020

Jérémy Moreau conságrase como un autor completo con esta saga islandesa en que se describe a vida e morte de Grimr Enginsson, un orfo roxo, de forza descomunal e espírito indomable. Na Islandia ocupada polos daneses do século XVIII, a pegada deste vagabundo, volcánico e rebelde, quedará gravada para sempre na súa paisaxe agreste.



O PACTO DO LETARGO

MIGUELANXO PRADO, RETRANCA, 2020

Un estudante de historia esperta sen pretendelo os anxos e os demos dun voluntario letargo, á espera de que o ser humano se reconcilie coa natureza ou acabe autodestrúndose. Miguelanxo Prado presenta un apaixonante thriller que esconde unha profunda reflexión sobre a relación dos seres humanos coa natureza e sobre que ocorre cando a preservación da contorna entra en conflito coa ambición desmedida de poder.



LA CÓLERA

JAVIER OLIVARES, SANTIAGO GARCÍA, ASTIBERRI, 2020

Esta é a historia contada por Homero, a historia da rabia dun home que durou varias semanas nunha praia do estreito dos Dardanelos. A primeira historia da civilización Europea. Aquiles monta en cólera e decide retirar as súas forzas do conflito que enfronta os gregos e os troianos. Ninguén consegue facelo cambiar de idea e a sombra do desastre ameaza a armada grega. A ira de Aquiles é inflexible.



¿ME ESTÁS ESCUCHANDO?

TILLIE WALDEN, LA CÚPULA, 2020

O que comeza como un relato cotián sobre os traumas e os baleiros de dúas persoas que o destino pon no mesmo camiño vai mutando nun poema visual onde o onírico e a realidade se abrazan sen que queden claras as súas fronteiras, no que poderíamos definir como realismo máxico.



LOS SENTIMIENTOS DE MIYOKO ASAGAYA/ SHIN'ICHI ABE

SHIN'ICHI ABE, GALLO NERO, 2020

De carácter fortemente autobiográfico, no centro deste manga está a precariedade dun escritor e os seus intentos por publicar a súa obra. É un retrato do artista de mozo que nos ofrece ao mesmo tempo unha panorámica daquela época no Xapón, onde a pobreza e a crise de identidade reinaban sobre o país enteiro abaixado pola derrota na II Guerra Mundial.

Persoas adultas



LA BUENA SUERTE

ROSA MONTERO, ALFAGUARA, 2020


Pablo baixa dun tren en Pozonegro, antigo centro mineiro, lugar maldito e con xente luminosa, incompleta e algo tola como Raluca, que pinta cadros de cabalos e ten un segredo, coma todas as persoas de alí, algúns máis escuros e perigosos que outros, ou simplemente ridículos. Tamén hai humor nesta vila triste, porque a vida ten moito de comedia e a xente finxe ser quen non é ou oculta o que planea. É o gran xogo das falsidades.



REWIND

JUAN TALLÓN, ANAGRAMA, 2020


Un venres de maio, con trazas de ser un día perfecto, prodúcese unha explosión estraña nun edificio de Lyon. Nun dos pisos do inmoible, que queda reducido a entullos, viven un grupo de estudantes de distintos países que esa noite celebraban unha festa. A través de cinco narradores, vítimas e testemuñas, coñecemos que aconteceu esa noite, así como as súas consecuencias a longo prazo.



O LIBRO DA FILLA

**INMA LOPEZ SILVA,
GALAXIA, 2020**


Helena Sánchez é unha recoñecida xornalista cuxa traxectoria profesional sempre a levou a cubrir temas da política e da sociedade. Ao coñecer a noticia dun empresario que foi condenado por violar a súa filla mais que leva once anos negando o crime, entende que necesita contar esa historia. Unha historia que ten que ver coa súa propia familia e co seu pasado, que intentará esquecer consciente ou inconscientemente.



LOS CHICOS DE LA NIKEL

**COLSON WHITEHEAD,
PENGUIN RANDON HOUSE, 2020**

De pouco serve ser un bo estudante na Academia Nickel para mozos. Elwood -pobre, orfo e de raza negra- non tarda en descubri-lo cando, por un malentendido, péchanlo neste reformatorio. Coa axuda dun bo amigo, este adolescente descubrirá como sobrevivir nun lugar que esconde unha brutal realidade corrupta, apoiada por moitos e obviada por todos.




UN LUME AZUL

PEDRO FEIJOO, XERAIS, 2020

Existe unha maldade excesiva e grotesca. Non deixa gretas e arrastra toda posibilidade de expiación ou perdón. O responsable da Brigada de Investigación Criminal da Comisaría Central de Vigo aínda non o sabe mais enfróntase a ese tipo de maldade.

Libros para ver



GALICIA É UNHA FESTA

XURXO LOBATO, EDITOR XURXO LOBATO


Libro fotográfico, con textos de Felipe Senén e Omayra Lista, sobre as festas e o Entroido de Galicia. En tres idiomas (galego, español e inglés) describe todas as festas clasificadas de interese internacional, nacional e as máis interesantes galegas.



LA ODISEA

HOMERO, BLACKIE BOOKS, 2020

Todos coñecemos a Historia da "Odisea", aínda que non a lésomos. Blackie Books arranca a súa colección "Clásicos Liberados" coa historia de todas as historias occidentais. Inclúe a adaptación favorita de Borges e unha versión da historia de Margaret Atwood, nunha edición moi coidada e ilustrada a toda cor por Calpurnio. Unha nova forma de nos achegarmos aos clásicos.



CRÓNICAS MARCIANAS

RAY BRADBURY, MINOTAURO, 2020

Acaída edición conmemorativa de Crónicas marcianas. Colección de relatos en que se recolle a colonización de Marte por parte dunha humanidade en plena fuxida dun mundo que se presenta ao bordo da destrución. Un clásico das letras norteamericanas do chamado poeta da ciencia ficción e no que se inclúen catro láminas de Les Edwards.



ALMÁCIGA: UN VIVERO DE PALABRAS DE NUESTRO MEDIO RURAL

MARÍA SÁNCHEZ, GEOPLANETA, 2020

María Sánchez na actualidade é recoñecida pola súa defensa do mundo rural. Dese entusiasmo naceu Almáciga, un proxecto colaborativo en que foi recollendo palabras do mundo do campo para que non queden no esquecemento. Libro-agasallo que podemos considerar un glosario poético ao que se lle suman as suxestivas ilustracións de Cristina Jiménez.



SEIS POEMAS GALEGOS

FEDERICO GARCÍA LORCA, ALVARELLOS, 2018

Edición facsímil do libro galego máis reeditado e traducido de todo o século XX. Reproduce fielmente un dos exemplares editados en 1935. Respecta o deseño, formato e papel orixinal da editorial Nós e incorpora, como algo singular, un apéndice gráfico coas fotografías comentadas de García Lorca en Galicia, imaxes de 1916 e 1932. García Lorca sentíase tamén poeta galego.

Para ver e escoitar



MUJERCITAS

GRETA GERWIG, DVD

OSCAR AO MELLOR VESTIARIO, 2019

Amy, Jo, Beth e Meg son catro irmás en plena adolescencia que viven con súa nai nunha América do Norte que sofre a súa Guerra Civil. Coas súas variadas vocacións artísticas e anhelos xuvenís, descubrirán o amor e a importancia dos lazos familiares.



PINTORES Y REYES DEL PRADO: 200 AÑOS DE UNA PINACOTECA ÚNICA

VALERIA PARISSI, DVD

Documental sobre o Museo Nacional do Prado, no 200 aniversario da súa fundación, conducido polo actor Jeremy Irons. Unha produción que explica, mediante multitude de obras mestras da pintura, a historia do museo e mais a dun país.



O QUE ARDE

OLIVER LAXE, DVD

FESTIVAL DE CANNES. PREMIO DO XURADO, 2019

PREMIOS GOYA. MELLOR FOTOGRAFÍA E ACTRIZ REVELACIÓN

PREMIOS GAUDÍ. MELLOR FILM EUROPEO E FOTOGRAFÍA, 2019.


Ninguén espera a Amador cando sae do cárcere tras cumprir condena por provocar un incendio. Regresa á súa casa, unha aldea perdida das montañas lucenses, onde volverá convivir, ao ritmo sosegado da natureza, con súa nai, Benedicta, a súa cadela Luna e as súas tres vacas.



ONWARD

DAN SCALON, DVD

Ambientado nun mundo de fantasía suburbana, dous irmáns elfos adolescentes embárcanse nunha aventura na que se propoñen descubrir se existe aínda algo de maxia no mundo que lles permita pasar un último día co seu pai, que faleceu cando eles eran aínda moi pequenos como para poder lembralo.



ZIBILA Y EL PODER DE LAS RAYAS

ISABELLE FAVEZ, DVD

Zibila é unha cebrá adoptada por unha familia de cabalos. No seu primeiro día de escola, os seus compañeiros trátana diferente e mófanse dela por ter raias pero, grazas a unha grande aventura co seu amigo Carino, recuperará a súa confianza.


Para ver e escoitar



O VELEIRO VERDE

MARIA FUMAÇA, CD

Proba a embarcar e verás como podes cambiar o mundo! A familia Maria Fumaça inicia unha nova viaxe nun veleiro verde coas bodegas ategadas de amizade, cariño e cancións para compartir de xeito inclusivo. O noso capitán Rui vai medrando, e con el a nosa ollada do mundo e da música: integradora, variada e intercultural.



SI MI RAYO TE ALCANZARA

XOEL LÓPEZ, CD

Si mi rayo te alcanzara é o título do 15 álbum baixo responsabilidade de Xael López. Trátase dunha colección de 10 cancións, aínda que nas sesións de gravación completáronse un total de 22. Como primeiro sinxelo "Alma de ouro" (con Ede), ao que lle dan continuidade Joana e Tigre de Bengala.



LATEXO

XOSÉ LOIS ROMERO & ALIBORNIA, CD

Latexo, un segundo álbum longo en que manteñen o pulso do tribal e o ritual á vez que resignifican os códigos da música folk galega. Tan preto da tradición galega máis crúa como dos sons da África máis indixenista, o romanticismo harmónico e coral da música sagrada ou mesmo esa sensación de poder que impón a "haka" dos All Blacks de Nova Zelanda.



LIBERAR AS ARTERIAS

SÉS, CD

PREMIOS DE LA MÚSICA INDEPENDIENTE, 2020.
MELLOR ALBUM POP

Sés non só segue mantendo a súa valente mensaxe, senón que neste novo traballo potenciaa. Neste novo álbum, *Liberar as arterias*, Sés percorre América de norte a sur, no que se inclúen unha selección de cancións con letra e música composta pola propia cantautora.




ULTRALIGERO

NOVEDADES CARMINHA, CD

O quinto exercicio discográfico do cuarteto compostelán é unha viaxe de ida e volta polas cavilacións da música de baile pero tamén o seu maior recompilatorio de *hits* expansivos até a data.


LGTB e Feminismos



PERMAXEO

EVA BALTASAR, FACTORÍA K DE LIBROS, 2020

O dicionario defíneo como a capa do chan permanentemente conxelada nas rexións polares mais "Permaxeo" aquí é a metáfora do distanciamento e da protección con que a protagonista desta novela afasta os afectos e as decepcións. Dúvidas, presións externas e un remuíño de emocións fan que se sinta soa e incomprendida nun mundo en que non encaixa.



SUPERULEX

**SUSANA SANCHEZ ARÍNS,
CUARTO DE INVIERNO, 2020**

A quimio afastou a Clara da súa escola durante semanas mais, ao regresar, todo nela cambiou. Xa non é a mesma e non pode quedar indiferente ante as inxustizas e atropelos que acontecen á súa volta. A súa forza e reflexos víronse afectados, tanto que nin ela mesma é capaz de controlalos. Deixou de ser Clara para se converter en SuperUlex, a heroína que todas estabamos a esperar.



OLIVER BUTTON É UNHA NENA

TOMIE DE PAOLA, KALANDRAKA, 2020

É diferente: non practica os deportes nin os xogos habituais para outras nenas e nenos. Un clásico da literatura Infantil que, desde a emoción e a sensibilidade, anima á autoafirmación e á empatía fronte aos estereotipos e á incompreensión. 41 anos despois da súa primeira edición, segue sendo actual.



ELISA E MARCELA

XULIA VICENTE, CONSELLO DA CULTURA GALEGA

En palabras da autora, esta obra: "Relata a historia de dúas mulleres cuxa peculiar historia foi reconstruída a partir de documentos oficiais e de extractos de xornais, moitas veces con testemuñas de difícil comprobación. Necesariamente, este relato emprega a ficción para suplir algúns ocos e facilitar a narración. Nunca debe tomarse como unha versión 100% fiel á historia".


LGTB e Feminismos



SUPERBOLLO CONTRA LA L.E.F.A.

VV.AA., CONTINTA ME TIENES, 2020

Transfeminista, antiespecista, gorda e queer. Todo isto é **SuperBollo**, unha heroína moi apropiada para estes tempos. E a diferenza doutras personaxes de ficción, a protagonista non combate contra ningún monstro nin contra un malvado concreto. A súa batalla desprégase contra a LEFA: (Liga Exterminadora de Feminazis Antisistema), unha metáfora que as súas creadoras utilizan para se referiren ao sistema patriarcal.



ENTRE DONAS

VV. AA., BAÍA EDICIÓN, 2020

Temos nesta obra dez relatos doutras tantas escritoras galegas actuais, diversas en estilo narrativo, experiencias, recoñecemento e noutros moitos aspectos vitais pero que coinciden en tomar a palabra e falar con voz propia, mentres sitúan as mulleres no centro da historia. Non hai que confundir a literatura coa ollada masculina. A simple acción de escribir cambia a literatura porque cambia o punto de vista.



NO ESTAMOS TAN BIEN: NACER, CRECER Y VIVIR FUERA DE LA NORMA EN ESPAÑA

RUBÉN SERRANO, TEMAS DE HOY, 2020

Non comparten barrio nin cidade nin orixes nin empregos. Só a dor de saber que hai violencias que chegan a todos os recunchos. Desde a escola á oficina, do hospital aos xulgados e da rúa á intimidade do fogar, os protagonistas deste libro ven como estes espazos seguen condicionados por un mundo que xulga as súas posicións sobre o xénero, o amor e a sexualidade.




MARIQUITA: UNA HISTORIA AUTOBIOGRÁFICA SOBRE LA HOMOFOBIA

JUAN NARANJO, SAPRISTI, 2020

Desde un primeiro momento, Juanito descobre que non encaixa cos demais. Na escola, comezan a chamarlle “mariquita” e non sabe moi ben que significa. Esta obra persoal conta unha historia universal: a dos marxinaos, os diferentes, os acosados. Pero non só iso; tamén conta como era a sociedade española nos anos 90 en relación coa diversidade sexual.


Biblioteca verde



ARMARIO SOSTENIBLE: APRENDE A COMPRAR DE MANERA CONSCIENTE E INTELIGENTE

LAURA OPAZO, ZENITH, 2020


Guía que repasa a historia da industria téxtil e revela as graves consecuencias ambientais e sociais da moda rápida. Ademais, introdúcenos no mundo das marcas sustentables (si, existen!) e propón alternativas de consumo para sermos máis respectuosas/os co medio e logramos mellorar a nosa relación coa moda.



LOS ÁRBOLES TE ENSEÑARAN A VER EL BOSQUE

JOAQUÍN ARAÚJO, CRÍTICA, 2020

Se algo move a Joaquín Araújo, é o seu profundo amor polos bosques, dos que garda un profundo coñecemento que se converte neste libro nun convite a mergullármonos na natureza, atoparmos o bosque e reencontrármonos con nós mesmas/os e, á vez, para que sexamos conscientes da súa importancia no noso mundo e do perigo que corre.s



NATURALEZA ES NOMBRE DE MUJER

ABI ANDREWS, VOLCANO, 2020

Novela ecofeminista que sitúa a cuestión de xénero no centro do debate. Erin, unha moza británica de 19 anos, pregúntase por que a natureza foi sempre un espazo esencialmente masculino. Para o descubrir, emprende unha viaxe que a levará, a través do Círculo Polar Ártico, até unha cabana nas montañas de Alaska.



SOMOS LA ÚLTIMA GENERACIÓN QUE PUEDE SALVAR EL PLANETA

CLAUDIA AYUSO, MONTENA, 2020

Somos a última xeración que pode salvar o mundo e á que as futuras xeracións mirarán aos ollos e diranlle: ti, que fixeches? Este libro é un alegato a cinco voces a favor do medio porque estamos a tempo de salvarmos o planeta pero non hai máis tempo que perder.



CRAC! : UNHA BREVE HISTORIA DA ECONOMÍA, DA GRECIA ANTIGA AO SECULO XXI

ALEXANDRE VERSIGNASSI, CATROVENTOS, 2019

Coiro, plumas, peixe seco, sal groso... foron usados como moeda corrente. Con todo, o que de verdade funcionou foi outra cousa: o diñeiro falso, esa creación da Grecia Antiga que hoxe levas na carteira. Crac! É un percorrido por 12.000 anos de civilización que traza paralelismos entre o pasado e o presente para explicar unha economía cíclica que sempre se repite.

Voces poéticas




NO INTERIOR DO ABANDONO

CARLOS LORENZO E BALDO RAMOS, ROSA ESPÍNEIRA, 2020

Este libro articula un feliz encontro entre as fotografías de Carlos Lorenzo e as creacións poéticas de Baldo Ramos, que nos convida á reflexión sobre o abandono do rural galego, a través dunha viaxe emocional por aqueles espazos físicos do rural que están a esmorecer.

O proxecto tamén conta cunha peza de vídeo que se pode ver aquí: <https://vimeo.com/444521517>



TODO ISTO ANTES ERA NOITE

LUCÍA ALDAO, APIARIO, 2020

Di Lucía Aldao *"Todo isto antes era noite"* é un libro que abre tantas cousas como pecha, que ilumina e ensombrece a partes iguais. Nel trázase o mapa da aprendizaxe sentimental e hai unha ruta nocturna que atravesa o mellor e o peor das relacións coas demais e comigo mesma. *Todo isto antes era noite* é un paseo pola intimidade, é entrar e saír."




LA SOMBRA DEL OTRO MAR

JOAN MARGARIT, NÓRDICA, 2020

PREMIO CERVANTES, 2019

Libro cunha selección de poemas en edición bilingüe xunto á recoñecida obra pictórica de Subirachs. Joan Margarit dirixíase a Josep Maria Subirachs cuns primeiros versos dun poema en memoria da amizade que uniu a ambos os artistas até os últimos días do escultor.




MEMORIA DO CORPO

RÁBADE PAREDES, GALAXIA, 2018

PREMIO GALA DO LIBRO, 2019.

MELLOR LIBRO DE POESÍA DO ANO

Esta *Memoria do corpo* é un tempo de investigación para o autor. Dentro de si mesmo, como debe facer o poeta. É, sen dúbida, o seu mellor logro. E a frase non é arriscada. Así o sente o creador, que viaxa desde o barro por corpos, iniciacións eróticas e camiños que, como todos os periplos, nos devolven ao punto de partida.



ATLAS

ALBA CID, GALAXIA, 2019

PREMIO NACIONAL DE POESÍA JOVEN

MIGUEL HERNÁNDEZ, 2020

Un texto singular en que a palabra e a imaxe viaxan da man canda a ollada asombrada da poeta. Etimoloxías, historias naturais, prácticas culturais diversas... Os poemas e as fotografías fan calas nos cinco continentes e desprázanse adiante e atrás na historia na procura de encrucilladas luminosas. Unha nova cartografía. Un novo planeta.

Cousas da Coruña

O GORDO DO NADAL

Son varias as veces que o Gordo de Nadal caeu na Coruña. A primeira, en 1903, recaeu no número 20.297. Levou o premio un estranxeiro que partiu, pouco despois, no Vapor-Correo Alfonso XII, rumbo a Cuba.

A segunda vez foi en 1952 e correspondeulle ao **25.566**, número que trouxera de Madrid un antigo traballador da Delegación de Abastecemento e Transportes da Coruña. O día deste sorteo, pero antes de se celebrar, apareceu en *La Hoja del Lunes*, asinado polo seu redactor, Blanco Díaz, o prognóstico do número premiado que, sorprendentemente, sería o agraciado co Gordo de Nadal dese ano.



Hoja Oficial del Lunes, Año 1, n.º 1 (22 febr. 1937)-n. 1850 (27 dec. 1982)). A Coruña : Asociación da Prensa da Coruña, 1937-1982. ww22 dec. 1952



Cousas da Coruña

Despois chegaría o de 1958, do que 6 series serían adquiridas no Gato Negro, da rúa Santo André, por Pedro Barrié de la Maza, ao que este premio lle reportaría 180 millóns de pesetas da época. O nome deste gañador sóubose pronto na cidade, a pesar dos intentos deste ilustre coruñés por mantelo oculto.

Chegarían logo outros gordos, como o do Nadal de 1974, que deixou algún belisco na cidade; o de 1986, comprado na Favorita, que lle deu un impulso á economía de moitos traballadores da Refinería ou o de 1995, mercado na Barca de Ouro e que deixou na cidade 600 millóns...

Entrará a formar parte desta listaxe o ano 2020?



Grela, B. Historia de un premio Gordo
En: Marineda n.º 32 (1997); pp. 28-29

Historias de regalo 2020

BIBLIOTECA ÁGORA

Lugar da Gramela, 17

T. 981 189 886

bagora@coruna.es

BIBLIOTECA CASTRILLÓN

Praza Pablo Iglesias, s/n

T. 981 184 390

bcastrillon@coruna.es

BIBLIOTECA ESTUDOS LOCAIS

Durán Loriga, 10, 1º

T. 981 184 386

bestudosl@coruna.es

BIBLIOTECA FÓRUM

Río Monelos, 1

T. 981 184 298

bforum@coruna.es

BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL

Durán Loriga 10, baixo

T. 981 184 388

binfantil@coruna.es

BIBLIOTECA MONTE ALTO

Vereda do Polvorín, 3, 3º

T. 981 184 382

bmontealto@coruna.es

BIBLIOTECA OS ROSALES

Praza Elíptica, 1

T. 981 184 389

brosales@coruna.es

BIBLIOTECA SAGRADA FAMILIA

Antonio Pereira 1-3, baixo

T. 981 184 392

bsagradaf@coruna.es

OFICINAS CENTRAIS

Durán Loriga 10, 1º

T. 981 184 384

bibliotecas@coruna.es

PUNTO DE PRÉSTAMO MESOIRO

Rúa Os Ancares, 15

bmeseiro@coruna.es

T. 981 184 370

www.coruna.gal/bibliotecas



@bibcoruna



bibcoruna



bibcoruna

